



A.S.A.C  
Asociación de Altas capacidades  
<http://www.altacapacidades.org/>  
Teléfono: 661952917  
Correo: [contacto@altacapacidades.org](mailto:contacto@altacapacidades.org)

# **¿QUE É AS.A.C?**

## **¿Quen somos?**

AS.A.C é unha Asociación de Altas Capacidades que se constituíu no ano 1995 coas seguintes finalidades:

- Facilitar unha educación axeitada ás persoas con altas capacidades.
- Favorecer unha formación apropiada dos pais e dos educadores para conseguir unha mellor comprensión e tratamento das persoas de altas capacidades.
- Potenciar a investigación en altas capacidades.

AS.A.C, grazas á colaboración da Facultade de Psicoloxía e ó convenio asinado coa USC, dispón dun lugar no que desenvolver as súas actividades.

AS.A.C é unha asociación sen fins lucrativos e finánciase exclusivamente coas cotas dos seus socios.

AS.A.C dá acollida a nenos de altas capacidades que previamente foron diagnosticados por persoal especializado da administración ou por centros especializados. Este recoñecemento é condición indispensable para que os nenos poidan participar nas actividades que organiza a asociación. Na actualidade forman parte da asociación máis de cen familias procedentes de distintos lugares de Galicia.

A asociación conta cun Comité técnico integrado por profesionais especializados nas altas capacidades, fundamentalmente do ámbito da psicoloxía e do ensino, e cun equipo de psicólogos que asesoran e colaboran coa asociación.

## **¿Que facemos?**

A asociación pretende desempeñar accións vinculadas coas altas capacidades que na actualidade non son asumidas polas administracións.

As actividades que organiza a asociación desenvólvense durante o curso escolar, prográmanse en tres trimestres e realízanse os sábados, cada quince días, na Facultade de Psicoloxía.

Ademais das actividades dirixidas ós nenos tamén se organiza periodicamente charlas e conferencias dirixidas ós pais (escola de pais).

Coa asociación colabora unha equipo de psicólogas especialistas en alta capacidade que atende tanto as necesidades dos nenos como as dos pais.

Durante o curso tamén se organizan actividades de convivencia dos membros da asociación.

## **¿Qué cómpre facer para poder participar nas actividades?**

É preciso presentar unha copia do informe acreditativo de condición de altas capacidades realizado ó seu fillo e cubrir o impreso de alta facilitado pola secretaria de ASAC.

Ademais é requisito indispensable ter actualizados os pagamentos (cota de socio e cota do programa).

### **Programa de enriquecemento:**

O programa de enriquecemento desenvólvese grazas ó convenio asinado coa Universidade de Santiago. Este convenio permítelle á asociación utilizar as instalacións da Facultade de Psicoloxía para a realización das actividades.

As actividades realízanse cunha periodicidade quincenal, (sábados de 10:30 a 13:30 horas) e nelas participan nenos procedentes de toda Galicia (ASAC é a única asociación de alta capacidade que hai nesta comunidade). O programa de actividades deseñase tendo en conta os consellos dos asesores e tamén as inquietudes dos nenos. Debido ó número e diversidade dos socios as actividades organízanse por grupos:

- Atención precoz: nenos de 4 a 6 anos.
- GRUPO A: nenos e nenas 1º de primaria
- GRUPO B: nenos e nenas 2º de primaria
- GRUPO C: nenos e nenas 2º e 3º de primaria
- GRUPO D: nenos e nenas de 4º e 5º de primaria
- GRUPO E: nenos e nenas de 6º de primaria
- GRUPO F: nenos de 1º e 2º da ESO
- GRUPO G: nenos de 3º da ESO e cursos superiores

### **Custo das actividades**

Ser socio ten un custo anual de 60 €.

O programa de enriquecemento ten un custo trimestral de 40 €.

O pagamento faise directamente na facultade de Psicoloxía ó tesoureiro da Xunta directiva da asociación. As familias con máis dun neno nos programas de enriquecemento pagan 20 € polo segundo ou terceiro neno que participe nas actividades

## **TRIMESTRE Abril-Xuño 2011**

As datas das actividades pode confirmalas no portal web de ASAC :  
[www.altacapacidades.org](http://www.altacapacidades.org)

Atención precoz: 12:00 a 13:30 “Aprendendo a aprender”

Grupo A: 10:30 a 12:00 Creando sons  
12:00 a 13:30 Historias e personaxes

Grupo B: 10:30 a 12:00 Historias e personaxes  
12:00 a 13:30 Historias de animais

Grupo C: 10:30 a 12:00 Debuxa o teu cómic  
12:00 a 13:30 Crendo Sons

Grupo D: 10:30 a 13:30 ¿A ónde viaxamos hoxe?  
12:00 a 13:30 Eu son eco-lóxico

Grupo E: 10:30 a 12:00. Historias de animais  
12:00 a 13:30: Debuxa o teu cómic

Grupo F: 10:30 a 12:00 Eu son/Eu quero ser  
12:00 a 13:30 Novas tecnoloxías

Grupo G: 10:30 a 12:00 Novas tecnoloxías  
12:00 a 13:30 Eu son/Eu quero ser